



MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Imos empezar, estamos case en familia e eso hasta case es gratificante. Gracias a todos por estar aquí, gracias á academia, aos invitados. Vouvos pedir mil desculpas porque sinceramente non me encontro nada ben, levo todo o día bastante amolado. Entón as presentacións que podía haber pensar longas, extensas vounas facer curtas e moi breves.

A idea de facer esta, a min non me gusta chamarlle homenaxe porque creo que a dobraxe como tal, non necesita ningún tipo de homenaxe, non necesita ningún tipo de recoñecemento. Eu antes de nada quero dicir que falo a título absolutamente persoal. Pero si creo e si defendo, ademais a capa e espada, como digo aquí nun texto que supoño moitos de vos xa o lestes pero eu volvo lelo outra vez.

Si creo que, fora de homenaxes e fora de recoñecementos, este país e esta lingua nosa, este audiovisual e moita máis xente, está en absoluta débeda coa dobraxe en Galicia. E non é unha cuestión de que haxa que pagar nada porque, seguramente tamén o que son os actores e as actrices da dobraxe, tampouco queremos que se nos pague nada. Seguramente somos, e así sentímonos, persoas e gústanos ademais sentirnos persoas anónimas. Simplemente é posible que moitas veces, nós, nos sintamos doídos cando moita xente fala de nós, sen saber que detrás hai enormes profesionais e xente que traballa e moi duro neste mundo da dobraxe. De aí que á mínima, algún compañeiro noso salte e ademais con absoluta razón, todo hai que dicilo.

Non me quero estender moito. Quero dicirvos que o que imos facer aquí, en primeiro lugar, é un divertimento, por chamalo de algunha maneira, recordar que o ano pasado se cumpriron vintecinco anos da chegada da dobraxe a Galicia e que o ano que ven se cumpren vintecinco anos da dobraxe en galego. Isto hai moito tempo estaba pensado por parte da academia como unha homenaxe, insisto, e que non se me ocorre outra palabra pero non me gusta demasiado. Pero estaba pensado como unha homenaxe a María Romero e a Xoán Guisán. María afortunadamente está aquí, está con nós, Xoán desgraciadamente non. Como eu dicía aquí nun texto, senón fosen eles, senón fose Xan e se non fose María, habían ser outros, eso seguro. Alguén había de traer a profesión aquí a Galicia. Pero a cuestión é que foron eles e é un dato obxectivo. Máis alá do que se poida pensar con respecto ao traballo de cada un, ese dato é obxectivo: a profesión viu aquí da

súa man. E continuou con moita máis xente, non quero mencionar nomes porque evidentemente, xa no escrito se me pasaron moitos porque non os podo poñer a todos, pero sorprenderíavos moitísimo saber cantos nomes propios do audiovisual galego pasaron e seguen pasando no mundo da dobraxe, vinculados directamente. Nomes, algún deles incluso sairán aí nas imaxes que imos ver. Como dicía constará de dúas partes, unha na que recordaremos os inicios da dobraxe e con imaxines botaremos, seguramente, algunha risa. E unha última parte que será ese recoñecemento a María e a Xoán.

Entón, xa paso de lervos esto. Se o queredes anda por aí e o ledes despois. Vou directamente a presentarvos rapidamente. Empezando pola miña esquerda, Charo Pena, actriz e directora de dobraxe, miles de horas de dirección, de traballo, miles de horas de interpretación. E digo ben... eh? Nieves Rodríguez, a filla de Xoán. María Romero, en canto a escoiten falar, a máis de un esa voz lle soará de moitas, moitísimas películas. Despois se queres, María, nos recordas algunha voz, aparte da señora Ropper. Miguel Pernas, actor, director de dobraxe, miles e miles de horas, e por moitas máis cousas. Pero polo que está aquí e polo que nos interesa é porque é actor e director de dobraxe e que ten ademais anécdotas moi interesantes que contar. E Antonio Rubal, actor, director de dobraxe e que a min gústame definir como o home para todo, o catro por catro da dobraxe, incombustible. Aí está, estivo no principio, estivo nos peores momentos, estivo nos mellores e estará. Sempre haberá un sitio para Antonio Rubal.

Feita esta presentación, a min o que me apetece e que recordemos eses inicios e eu creo María, que se a dobraxe veu aquí da man de Xoán, pois tiñas que contarnos un pouco como foi.

MARÍA ROMERO:

Pues me chamou Juan, estaba en Madrid, y me dijo: necesitan a alguien, ya que se va a inaugurar la televisión autonómica gallega, se van a necesitar actores y actrices de doblaje. Daros cuenta que digo actores y actrices de doblaje, a mí no me gusta que nos llamen dobladores. Entonces yo dije: "Encantada, a mi Coruña, feliz". Y aquí nos vinimos. Y en frente de Bonilla había un local que conocía, el dueño del local era muy amigo de Luis Rodríguez Carballido, y allí empezamos un doblaje curioso porque teníamos un par de películas nada más para enseñar para los TEIS, explicaré lo que eran los teis. Como no teníamos más que esas películas pues había mujeres que doblaban a hombres y hombres que doblaban a mujeres. Les decíamos cuál era el sistema, nos dábamos cuenta enseguida de nuestra jerga especial de doblaje, decíamos...nos dábamos cuenta enseguida de quien va a tocar el violín y quien no va a tocar el violín. Eso se ve enseguida. Naturalmente en la primera prueba no se da pie con bola, entre los nervios, entre que aquello no se sabe qué es. Oye en aquella boquita tú tienes que meter eso ahí, está hablando en inglés pero tú tienes que decirlo en castellano, ¿pero cómo?, tienes que interpretarlo. Entonces, en la sincronía se ve ya al principio, si se van a tener condiciones para ello o no. Y los que pensábamos que no iban a tocar el violín nunca pues a algunos les decíamos: "Mira no vengas más porque llevas un mes y no avanzas nada", "pero si llevo dos o tres aprendo", algunos se empeñaban y seguían y naturalmente esos no han doblado nunca.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

De cánta xente estamos falando? María, cántos actores e actrices?

MARÍA ROMERO:

Pues de muchos. De radio había muchos, actores y actrices que hacían teatro gallego también fueron encantados. Y se nutría más de eso, más bien de radio, de radio de A Coruña, radio nacional y de actores que hacían teatro. Es que los actores sabemos si somos actores o no enseguida. Algunos iban..."Hombre, yo tengo una

voz muy bonita", se hacen pruebas no sirven y se preguntan: "¿Cómo que no sirvo con esta voz que tengo?". Y otros con una voz menos bonita, pueden hacer tipos...Y se nace actor o actriz y normalmente se sabe enseguida, ¿verdad? Yo lo supe sobre los tres o cuatro años, ya recitaba poesía. Eso es una cosa que sí o que no y ya está.

¿Qué más quieres que te cuente? Fuimos muy felices, Juan y yo fuimos muy felices, ya teníamos una amistad y entonces más entrañable fue. Él ya se afincó aquí, yo después estuve tres o cuatro meses en el estudio que abrió Luis Rodríguez Carballido. Dijo: "Quédate neniña porque me vas diciendo un poquiño de las cosañas estas que tú sabes, cómo van los papelitos". Y he estado...pero luego yo ya me fui porque yo mi vida, mis hijos estaban en Madrid, y mi trabajo. Aunque aquí trabajé también bastante, hice *Los Ropper* en Madrid y aquí hice *Los Ropper* en gallego con Tuto.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Con Tuto que estaba invitado pero non puido vir.

MARÍA ROMERO:

Y alguna serie, estuve tres o cuatro meses y después ya me fui. Me llamaron también de Santiago para *Simplemente María* y era de locos porque yo cogía el tren el viernes por la noche, llegaba el sábado y entonces me lo ponían todo en doble banda dende las ocho de la mañana hasta las dos y media. Después comía, un día dije yo: "yo voy a casa Vilas" y comía en casa Vilas. Entonces Gale el árabe, aunque él dice "ya sé que me llaman el moro" pero a mí me gusta decir Gale el árabe. El estudio era de él y me invitaba al Araganey, a su hotel. Como ya sabréis Araganey es un árbol de Venezuela porque su mujer es...había ido su padre, era emigrante y fueron compañeros de universidad. Él era egipcio, ¿palestino? A mí me engañó, me dijo que era egipcio y que él ya sabía que le llamaban el moro.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Parécevos que recordemos a dobraxe de mil novecientos oitenta e dous, como soaban as voces? En castelán porque naquel momento facíanse en castelán.

"(...) que te deslizas hacia mí a estas horas?¿Un hombre o una sombra?

-Soy yo, Tibexias.

- ¿Qué quieres ahora profeta de desventuras?

-Llego a ti para exhortarte que sigas el camino de la sensatez. ¡Y que mejor regalo conceden los dioses a los hombres que humillar con la propia mano la cabeza de los enemigos!

-Cuidado Penteo, los dioses castigan a quien se obstina por la senda del error.

-¿Qué error? Si mi camino es ese, todos los hombres lo siguen. Porque siempre el hombre, usando el oro y el poder trata de ser más que otro hombre.

-Los dioses permanecen al acecho largo tiempo y después destruyen la(...)

-Aun no me han destruido y no hay ley que un poderoso no pueda volver en favor suyo.

-No vayas Penteo o conocerás la venganza de los dioses.

-Yo soy de los que tienen el valor de enfrentarse al destino.

-¡No vayas, tú suerte está echada!

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Ben, este é Xoán Guisán, é a voz de Xoán Guisán e a voz de Roberto Roboeiro , compañeiro noso absolutamente en activo. Que limpa que tiña aí a voz!

MARÍA ROMERO:

Una de las cosas que me llamó la atención a mí era que, ¿cómo doblando en castellano no teníais acento gallego ninguno?, en absoluto. Porque los gallegos tenemos acento gallego, claro, y decía: “pero si a mí me pasó lo mismo”. Cuando me marché de A Coruña a Madrid tuve que luchar un poco con el acento porque si no enseguida decían: “Se le nota a la gallega”...

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Despois se queredes falamos tamén do acento e dunha época na dobraxe na que se fixo cine tamén. Unha época na que non vamos a entrar con moita profundidade porque foi unha época onde houbo unha folga en Madrid e todas esas cousas, non?

Pero ben, digamos que este foi un pouco os inicios, fixéronse algunhas películas en castelán e creo que tamén algún debuxo animado tamén en castelán. E practicamente de aí, de moi pouquiñas cousas, pasouse xa ao nacemento da TVG onde realmente se empezou coa dobraxe en galego. Digamos que aí abríronse dúas maneiras, dúas formas, dúas vías de acceder á profesión que eramos os que seguíamos un pouco a escola de Xoán e os seus cursos. Aquí estamos Miguel e máis eu representando un pouco esa parte. E Charo e Antonio Rubal que naceron un pouco ao amparo de Imaxe Galega. Entón se vos parece contádenos un pouco como foi esa época.

CHARO PENA:

O noso acceso á profesión foi, (no meu caso e penso que o de Toni Rubal tamén, pero xa vos contará el despois), no ano oitenta e cinco. Nós non temos que ver co nacemento do que está falando María Romero á que eu non teño o gusto de coñecer, é a primeira vez que a vexo, nin a Xoán Guisán...Nacemos por unha empresa vasca, que non sei como se chamaba alá pero aquí chamouse Imaxe Galega. Un bonito nome, o digo porque a maior parte dos nomes das empresas son de morrer, son espantosos. Imaxe Galega fixo unha selección, teño que dicir tamén que foi unha das poucas eleccións onde houbo criterio lingüístico. Todos éramos moi novos, a maior parte da xente éramos estudantes de todos os tipos. Colleron a un montón de persoas; creo recordar...(non sei se o recorda Rubi), penso que eramos cento setenta. Déronnos un curso intensivo ao longo do cal foron quedando setenta persoas, esas setenta persoas estivemos practicamente ano e medio traballando. A escola que tivemos foi moi boa, hoxe non é a homenaxe a esa escola pero temos que dicir que realmente era moi boa.

A min por exemplo ensinoume a dobrar unha persoa que está agora en activo, non saberedes o seu nome pero dobra moito. É moi boa dobradora, chámase Marta García. Aquí temos un especialista en dobraxe que é Uxío Couto e que posiblemente saiba que cousas dobra Marta porque é realmente unha boa profesional. Tamén nos aprendeu moitas cousas Daniel Licenta e xente de Barcelona e do País Vasco, nomes que non veñen agora ao conto. Son pouco coñecidos pero auténticos profesionais, xente moi boa. Nos ensinaron o respecto pola profesión. A primeira cousa que recordo que dixo Marta García o primeiro día que estivemos con ela foi: “Por moi ben que o fagades nunca seredes imprescindibles”. Parece unha perogrullada pero é unha aprendizaxe fundamental.

As primeiras dobraxes que fixemos, constituíron en nós un bo espírito crítico porque curiosamente xa veredes que non temos ningunha vergoña de ver o que aquí se poña, ningunha vergoña. Os actores de dobraxe somos desvergonzados, tanto nos ten, poden dicir: “Que mal o facía aí”, “pois agora o fago mellor”...Hai dúas cousas que son fundamentais, unha, non ter vergoña, asumir que se pode mellorar, outra cousa moi importante foi aprender a que os compañeiros corruxisen os erros que se tiñan no atril. Eu ata moitos anos despois, non me decatei do importante que era ser consciente de que calquera compañeiro que estaba actuando como director de dobraxe; tiña a facultade de corruxir o que el consideraba que non estabas a facer

ben, aínda malia que ti non estiveras de acordo en nada con el. O sentimento era... "el neste momento é o director, el é o que manda na sala, el é o que correixe". É moi importante isto porque por exemplo un problema que aparece no audiovisual, o do (...) por la corrección do que carecemos totalmente os actores de dobraxe, estamos afeitos á corrección.

Despois en canto ao traballo, as imaxes e os sons van falar por si mesmos pero xa digo mirámolo todo con moi bos ollos.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Pois mirémolo con bos ollos. A calidade non é moi alá pero desa época é un dos vosos traballos máis recoñecidos que no seu momento creo que estabades, e creo que agora debedes seguir estando, orgullosos. Foi a versión galega de *Foise co Vento* de mil novecentos oitenta e cinco que non era para a televisión galega, era para a Televisión Española en Galicia. Ben, pois recordamos ese...

"-Axiña, e agora esfréguese ben con ese xabón se non quere que o lave eu mesma. Os pantalóns métollos nesta caldeira de auga fervendo. Todo exército confederado ten o mesmo mal, piollos e disentería.

-Trata de un xeito humillante ao señor Kennedy.

-E estaría moito máis humillada se el lle pegase os seus piollo.

-Ven acá, Bob, deixa tranquilo ao señor, que está cansado e ten fame.

-Non se preocupe señora, alédame ver a un cativo e xa é un mociño. Se a guerra dura dous anos mais, xa podería loitar connosco na lexión co.

-Estivo vostede na lexión?

-Si, señora.

-Daquela debe coñecer vostede ao meu home, o comandante Wills.

-Pois claro que si, señora. Fixérono prisioneiro en..., penso.

-Prisioneiros? Oh, meu deus, entón non está...Oh, meu pobre Ashley está prisioneiro.

-Melanie.

-Xa vou Escarlata. Veña Bob.

-Déixemo señora, somos bos amigos.

-Ah, gracias.

-Traballo coma unha escrava día e noite para tervos comida con que nos manter, e ti dálle a eses corvos fementos. Mellor sería ter unha praga de langostas.

-Non me rifes Escarlata, por favor. Acaban de dicirme que Ashley está prisioneiro.

-Ashley prisioneiro?

-Si. E o mellor, se vive e está ben, anda por eses camiños do norte, e quen sabe se calquera muller do norte, lle da parte da súa comida e o axuda a voltar a súa casa onde a mín.

-Iso espero Melanie.

-Señorita Escarlata, eu quería ter unha conversa co seu pai pero coido que non...

-Ao mellor valgo eu, son a que leva a familia.

-Pois é que...E que quixera declararme á señorita Celine.

-Quere dicir Frank Kennedy, que aínda non se lle declarou cos anos que leva agardando?

-Pois é verdade que son máis vello ca ela e...vaites que non teño un can nestes momentos.

-Quen o ten estes días?

-Escarlata, se o amor é o que lle interesa, estea segura de que a súa irmá terá sorte niso. Irei onde sexa preciso e montarei un negocio, se me acepta. E cando volva a ter algo, xa poderemos...

-Está ben, Frank. Respondereille por meu pai. Pode declararlle.

-Moitas gracias, gracias señorita Escarlata.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Mil novecentos oitenta e cinco, *Foise co Vento*. Hai unhas sincronías nos movementos pero non son culpa deles, eh? Foi culpa da captura que se fixo que as bocas non van moi sincrónicas. A min case me gusta máis esa dobraxe de hai trinta anos que a de agora. Tamén desa época e de mil novecentos oitenta e cinco son cousas como esta...

"-*Impórtache realmente Sue Ellen? O teu home está a morrer e ti andas de paseo por aí adiante.*

-*Sue Ellen estivo mala.*

-*Mala ou borracha?*

-*Cando saín da consulta do doctor Irving, fun tomar unha copa, os nervos, non lembro nada ata que despertei no aeroporto.*

-*X.R. tiña razón, Irving non te fixo ben ningún. Debes volver a ese sanatorio."*

"-*Tony, podes coller a bala?*

-*Si, xa está.*

-*Acabas de facer moi feliz á policía"*

...

-*Mamá, mamá, segues aí?*

-*Papá, a avoa necesítate moito.*

-*Ben, dille que vou coller un avión que chegará aí ás seis da mañá.*

...

-*Quitámoslle unha bala, a segunda bala parece estar moi preto da medula, para quitala será unha operación moi, moi delicada.*

-*A Ewing Oil foi a miña vida, Elli.*

-*E X.R. pode estar a morrer por ela. A compañía non vale a miña familia. Quero a Bobby na casa a pesar do que lle coste á Ewing Oil.*

...

-*Jack é o principal sospeitoso do atentado contra X.R.*

-*Dende logo teño motivos dabondo, se hai alguén que mereza uns tiros é X.R.*

...

-*Mamá, como está?*

-*Está moi feble. O doutor dixo só uns minutos.*

-*Señor Ewing, temos que saber unha cousa. Quen lle disparou señor Ewing?"*

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Miguel, despois vemos *Magnum*. De onde saía esa historia de berrar nos títulos?

MIGUEL PERNAS:

Pois porque había moita música. Había moita música e como non se entendía... claro, nós estamos afeitos a escoitar o galego, pero non estamos afeitos a lelo galego. Entonces dicían *Magnum* e había que dicir *Magnum* (berro) para que se entendese.

MARÍA ROMERO:

La moda venía de un actor, Rafael Sánchez. Él dirixía *Dallas* y dirixía *Magnum* y hacía eso...Entonces se quedó de moda, ya todo el mundo decía...

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Os oitenta foron uns anos moi difíciles.

MIGUEL PERNAS:

Aquí en *Dallas*, a nanda española aínda se cortaba un pouco á hora de dicilo título, aínda se cortaba pero por exemplo...

(Soa a introducción de *Magnum*)

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Esta é a versión que se fixo fai dous anos pero creo que na versión do ano oitenta e cinco berrábase igual ou máis. Hai unha anécdota que oín unha vez porque contáchesma ti e gustárame que a contaras aquí. É sobre a voz de *Magnum*.

MIGUEL PERNAS:

Eso foi moi curioso. Resulta que eu por aquela época, os oitenta foron uns anos moi complicados, fixera un spot para a autopista de Galicia no que eu ía conducindo nun coche pola Ponte de Rande e dicía: “a autopista...”, claro, era eu en persoa e coa miña voz. E houbo quen non me coñecía, por eso de que somos voces anónimas...e iso que daquela non o era tanto porque se me vía no teatro con voz e con presenza, non? E houbo alguén, un técnico concretamente dun estudio de dobraxe que non me coñecía, que fixo o seguinte comentario: “Vin o outro día o spot de autopistas e ao tipo que sae aí puxéronlle a voz de *Magnum* e non lle vai un carallo”. É dicir, que a identificación, corpo e voz...E é curioso porque falábase pola mañá todo isto sobre o galego, logo falaremos máis supoño.

Hai un par de meses encontreime cunha persoa que debía ter sobre trinta anos, unha xeración que merendaba con *Magnum* e que recordan a miña voz. De feito coñécenme moitos taxistas, camareiros, dependentes de tendas que recoñecen aínda a voz de *Magnum*. Pois díxome o outro día un rapaz unha cousa ben interesante, un rapaz de Ferrol. El non era de familia galego falante, por tanto na súa casa, non falaban galego e no seu entorno do centro de Ferrol tampouco. Pero el en BUP, claro, examinábase de galego e aprobou o galego porque de repente diante do papel, nas preguntas pensaba: “Como diría isto *Magnum*?”. Entonces, foi aprobando o galego de BUP grazas a *Magnum*. Normalización lingüística é aprobar exames en galego.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Parécevos que sigamos recordando cousas ou...? Ben, se vos ocorren cousas, comenta, comenta.

INTERVENCIÓN:

Hai unha anécdota que Miguel seguramente non contará por modestia pero que lle pasou con Tosar que a podo contar eu por el. Nunha comida na que estaban Miguel e Luis Tosar, o camareiro a quen recoñeceu foi a Miguel e con quen andaba empatado era con Miguel. “Ah si, Tosar si, pero a min quen me gusta é *Magnum*”

MIGUEL PERNAS:

“Este é o dos *Lunes al Sol* pero eu prefiro comer con *Magnum*”

CHARO PENA:

Quería comentar algo sobre o tema lingüístico. Antes vimos un anaco de *Foise co Vento*, a primeira versión do oitenta e cinco, e quería comentar algo sobre a Nanny que a facía Dorotea que era a directora da película. Daquela xa se dera unha controversia, o digo para os interesados no idioma que esteades por aquí. Pasou a anécdota que contou antes, penso que foi Eduardo Galán. A produtora non atopou a versión en inglés de *Foise co Vento* e tivemos, desgraciadamente, que facer unha versión sobre a dobraxe en castelán. Digo desgraciadamente non porque estivera mal senón porque xa sabedes como eran esas dobraxes que había antes, todo como moi afectado. Na versión española, se recordades algún de vos que a vira, a Nanny, a negra, está dobrada con acento cubano, non sei se vos decatades. Ben, pois xa daquela estiveran os lingüistas debatendo durante un tempo se poñerlle ese acento ou non, e chegaran á conclusión de que non. Non tiñan a versión orixinal e efectivamente ían ben encamiñados, porque dicían que ao non ter a versión orixinal non sabían cal era o acento orixinal, polo que sería algo moi irrespectuoso poñerlle un acento que non tiña na versión orixinal. O certo é que na versión orixinal, aquí

temos ademais ao director da segunda vez que se dobrou que é Xerardo Couto, penso que ela ten acento...Non sei se vou dicir algo incorrecto, sureño. Ímoslle chamar sureño, o acento que tiñan os negros sureños. Non tiña acento cubano, polo tanto foi un bo acerto pola parte dos lingüistas naquel momento decidir non poñerlle acento cubano. Na versión española está feito algo que non é fiel, ou sexa, que como diría Ignacio Vilar, está pervertido o orixinal.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Pois seguimos pervertendo vendo perversións. E se vos parece, a película do ano mil novecentos oitenta e seis das feitas en Imaxe Galega, *Os Cabaleiros prefírenas Loiras*. Collín dous, cal queres que poña?

CHARO PENA:

Na que non saio eu.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

É difícil porque saes en todas, paréceme.

"-Vaia.

-Señorita Lee, señorita Joe.

-Pensaba que en París o perderíamos de vista.

-Madame, son estas as persoas de quen falou? Si, estas mesmas son.

-Lady Piggy, quero dicir, Beekman, qué agradable sorpresa.

-Xa o imaxino. Proceda Preacher, esa persoa é a señorita Lee.

-Señorita Lee, represento a unha compañía de seguros londinense.

-Gracias de corazón, non me fago seguros.

-Fágalle un ao señor Malone, seguro que a necesita. Que significa isto?

-Rapariga, se devolve a diadema estou disposta a esquecer este incidente.

-Que incidente?

-Permítame que o aclare. Señora, a diadema de lady Beekman asegurada na miña compañía foi roubada.

-Roubada?

-E iso que ten que ver con nós?

-Informáronos que está no seu poder, é certo?

-¡Por suposto que non!

-Cariño, por que non deixas falar a Lorelei?

-Fala máis que falar vana denunciar por calumnias, díllelo.

-Vamos.

-Pois...

-Agardamos.

-Non é asunto seu.

-Temo que si é asunto noso, señorita.

-Veña, dílle que non a eles, dílle que...Oh, Lorelei, no me digas...

-Eu non roubei a diadema de lady Beekman.

-Pois logo explique cómo e que está no seu poder.

-E se digo que iso non lle importa?

-Boa explicación.

-Lord Beekman sabe que non a roubei. Pregúntelle.

-Xa o fixemos señorita.

-Eh?

-Negou saber nada ao respecto e partiu para o interior de África.

-P.D. non faría iso.

-Señorita Lee, vai ou non vai vostede a devolver a diadema?

-Nin en soños a devolvería, é miña e vou quedar con ela.

-Iso aínda está por ver. Vamos Preacher. Xa comprobarán que falo en serio.

-Entón, como pode levar ese sombreiro?

-Ja!

- Teño que falar contigo.
- Xa tomei unha decisión.
- Escóitame Lorelei, a maneira máis...

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Mil novecentos oitenta e seis e a voz de María Pujalte.

NIEVES BRISABOA:

Ben, eu vou dicir algo porque xa non podo agardar máis. Eles son actores, eu non. Eu son dun colectivo totalmente diferente, son catedrática na Facultade de Informática da Coruña. A pesar de que me chamo Nieves Brisaboa, moita xente que me coñecía e que me atopei nesta sala..”Pero ti, que fas ti aquí?, “e que son filla de Xoán Guisán”, “pero ti es filla de Xoán Guisán?, e os nomes?” O que pasa e que a min me pasa o mesmo que ao meu pai, nunca usamos o primeiro apelido. Tendo de segundo apelido Guisán ou Brisaboa, utilizar Rodríguez parece pouco intelixente.

Ben, eu quero agradecer primeiro á academia esta homenaxe ao meu pai. E quero, xa que así mo indicaron, contar algunhas anécdotas ou relatar, dende unha visión familiar de alguén totalmente alleo á profesión, o que supuxo para o meu pai o inicio da dobraxe en Galicia. Non é que queira facer un monólogo pero si quería dicir dúas cousas. Meu pai foi, dende a súa mocidade, un actor frustrado. Frustrado porque viu frustrada a posibilidade de vivir do teatro, de vivir como actor. O feito de casar novo como se facía na época e ter fillos deseguida como se tiña naquela época, fíxolle ter que traballar en algo que dese suficiente diñeiro para manter unha familia seguindo os estándares do momento. A súa carreira coma actor de teatro, que se iniciou con obras tan importantes para este país como Hamlet na que participou na estrea, ficou nos recordos de mocidade que nunca retornarían. Afortunadamente a crise, digo afortunadamente para el, a crise dos setenta que o deixou sen traballo e con fillos xa criados, lle fixo pensar que quizas era o momento de retomar a súa actividade como actor. Xa postos a morrer de fame, facelo nunha profesión que lle gustase.

E empezou a traballar como actor e a iniciarse na dobraxe, na radio e en diferentes profesións. E a chegada da democracia e a posible promesa de que quizais chegado algún día houbera televisións autonómicas, como hoxe as coñecemos, lle fixo pensar que quizais, podería ser interesante vir a Galicia para iniciar a aventura de montar unha profesión que aquí non existía. Que estivese a punto, que houbera actores e actrices preparados para que cando a televisión galega arrancase, el estivese aí e houbera un colectivo capaz de coller o reto. Entón, é certo que si non viñese el con María Romero a dar os primeiros cursos, outros o terían feito, por exemplo, a vosa empresa. Pero o tería feito máis tarde, se tería perdido algunha oportunidade, creo eu, visto dende fora.

Eu lembro que Silvino, un dos empresarios que empezaron o asunto, dicía: “O teu pai estaba tolo completamente, un optimismo fora do común. El me dicía, mira e que vai vir a televisión galega e vamos ter que empezar a traballar. En Santiago xa está empezando a televisión galega...E alá fomos e chegamos alí a un descampado con un cartel que puña Televisión Galega, non tiñan empezado as escavadoras e xa o teu pai estaba vendo a cousa da televisión galega”. Creo que isto reflicta un pouco o que é o optimismo vital que tiña o meu pai, a enerxía que tiña meu pai. E creo que si é certo que de non ter empezado os cursos de dobraxe e a dobrar películas de indios (creo que fixestes moitas películas de indios, durante un par de anos non?); antes de que empezara a dobraxe en galego non tería habido un colectivo e unha profesión coa forza suficiente como para desenvolver co éxito que supuxo, a dobraxe en galego.

Eu que si falo galego e que si teño un sentimento nacionalista no sentimento do país, penso que nada serviu tanto para normalizar o galego como a dobraxe. Creo que nada, nin o ensino en galego nin probablemente ningunha outra cousa que me poida imaxinar. Penso que a dobraxe en galego fixo que nos fogares, os pais empezaran a falar galego entre si e cos fillos porque despois de ver a película en galego, xa lles quedaba o tranganillo galego no cerebro non? Entonces empezou a haber máis galego ambiental nos fogares. Eu estou moi contenta de porque como profesora observo que cada ano, e esta é unha mensaxe optimista que ao mellor non compartires moito, teño máis rapaces que de xeito espontáneo falan galego nas aulas na universidade da Coruña que é especialmente hostil contra o galego. Sen embargo, creo que algo se ten andado e espero que o meu pai teña posto un gran de area neste sentido.

Esta é a primeira anécdota que quería contar da televisión e xa máis adiante contarei algunha outra.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Perfecto. Pois seguimos se vos parece. Por exemplo, podemos irnos a mil novecentos oitenta e nove...

(Soa a introdución de *Os Pitufos*)

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Mil novecentos oitenta e nove...o sinto pero non din encontrado a data dunha serie para min mítica, pero Xerardo seguro que si sabe a data de *Aló Aló*.

INTERVENCIÓN PÚBLICO (XERARDO COUTO):

Eu non estaba, sinto. Eso facíase na Coruña e eu estaba en Santiago.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Oitenta e oito, oitenta e nove. Eu creo que foi unha serie, que a min...Creo que María tampouco o sabe porque lle preguntei no seu día y díxome que non o sabía. Ben, pois imos ver para min, un exemplo de bo facer. Non entro en temas idiomáticos agora pero si parecíame unha serie fantástica, cun reparto de voces exquisito e un traballo que creo que a nivel artístico hoxe non se fai. Isto é unha opinión particular.

"-Os alemáns xa non van esperar máis, veñen por aquí abaixo.

-En panos menores?

-Non, mudáronse. Olla.

-Onde colleron esas roupas?

-No armario do cuarto da túa sogra. Son os disfraces dos pilotos ingleses.

-Ah! Pierre e Jack, vendedores de cebolas, os meus amigos fieles! Están convidados pola casa, si claro, sentádevos por aí meus amigos. Iso é poñédevos ben cómodos...Un bo disfraz coronel. Terá os seus uniformes antes do posible.

-Iso dixo, que se non nos entrega hoxe os uniformes, fusilareino.

-No paredón! Con escopetas.

-Xa vexo que é un home moi compasivo, mesmo cando di esas palabras ten bágoas nos ollos.

-Son as malditas cebolas.

-Ah! George...é o meu sobriño. É un pracer verte de novo rapaz.

-Teño aquí o que querías tío.

-Ah, si, si. Moi ben rapaz, leva eses libros da escola e meteos no cartón de atrás.

-Por ti tío o que queiras.

-Este rapaz é moi ben parecido.

-É a comida da miña muller.

-Por que leva medias?

- Temos moitos problemas con el.
- Otto Flick está por vir aquí a xantar comigo. Marchen de contado.
- Demasiado tarde, aí ven.
- Ah, Helga, chegastes cedo está ben.
- Díxome que non tardase.
- Gústame a túa obediencia. Senta.
- Si, her Flick. Onde?
- Aquí.
- Vós, pailáns franceses! Son da Gestapo, deixade a mesa, marchade ou fusilareivos.
- Podemos coller esa mesa.
- Helga, cando me decido e quero unha cousa, sempre a consigo.
- Xa o sei her Flick, por eso me resulta tan excitante.
- Ben.
- Vos pailáns franceses, estouvos falando. Mirade pra mín.
- Coronel Von Strome, capitán Guerin...
- HI Hitler.
- HI.
- ¿Por que van vestidos de vendedores de cebolas?
- Podémoslle explicar.
- Podémoslle explicar.
- Estou agardando.
- Está agardando.
- Teño que infiltrarme na resistencia.:
- Eu estou facendo igual ca el.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Ben, unha serie fantástica. Estivemos hoxe falando desa serie *Aló Aló*, unha serie fantástica. Toni, estás moi calado...

ANTONIO RUBAL:

Pero escoito gratamente aos meus compañeiros.

MARÍA ROMERO:

Me gustaría leerlos lo que opinaba Azorín del doblaje. ¿Os apetece que os lo lea?

"Los puristas del cine quisieran darnos el cine extranjero sin doblajes. Es el suyo un ideal loable pero imposible. No podemos imaginar a un espectador, en un pueblo cualquiera, contemplando una película sin doblaje. En inglés, en francés, en japonés, no serviría de nada la palabra y sin embargo, estaríamos oyendo, no digo escuchando, un sonsonete interminable.

Los letreros pasan vertiginosos, perderemos entre tanto, un gesto o un incidente curioso. La voz es necesaria, el tono, las inflexiones, tienen su expresividad, su elocuencia. Necesitamos voces que comprender y nos las da, el doblaje."

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Pois seguimos se vos parece recordando agora...Os dicía ao principio que había moitísimos nomes propios de xente que ao mellor nunca pensastes que algún día se dedicaron a dobraxe, non? Á marxe desas persoas, hai casos ben curiosos de xente que non se dedicaba á dobraxe pero que si fixo dobraxe. A ver se recoñecedes esta voz.

"-Creo que deixoumo fatal.

-Non quedou xenial.

-Non, non, que horror. Lembras eses rizos nas puntas que me quedaban fenomenal? A todo o mundo lle gustaban moito.

- Non me parece...
- Era a nena dos rizos bonitos, érao, e de súpeto, fora, chega a miña nai e xa non os teño máis.
- Pero é que...
- Que horror! Paréceme que non me van medrar nunca máis. Que horror!
- Adeus, teño que marchar.
- Adeus.
- Vale, sei outro. escoitade, ¿en cantas partes se divide a cabeza?
- En cantas?
- Depende de o forte que sexa a martelada.
- Ji, ji, ji...
- Non o entendo.
- Eh, que fai? Quen é ese mangallón? Quen é?
- Non pasa nada, é o pai dela. Xa sabes, ten que ir co seu pai.
- Que é un pai? Que fan?
- Sabes os homes grandes que sempre van coas nais? Pois son os pais.
- Xa sei, se cadra pídolle a James que sexa meu pai.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Evidentemente era Galloso, facendo a voz deste bebé, deste cativiño, en *Mira quen Fala*...Do ano, María? Ben, mil novecentos...

INTERVENCIÓN:

Debe de ser hai moito tempo porque aínda non acoplaba o micrófono.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Antes do ano noventa e un, hai moitísimas cousas das que evidentemente é moi difícil conseguir copias. De feito moitas das cousas que se fixeron en SONGASA no seu día non están porque é unha empresa que pechou. Pero a min gustárame recordar a primeira serie que se fixera para Televisión Española. Estiven recordando con Charo e non dábamos, non sei, se Xerardo...Non. *Hoyo diecinueve*, sóache? Non. Ben, fixérase unha serie para Televisión Española, para a segunda cadena...

INTERVENCIÓN:

Era de humor, *Hoyo diecinueve* era no?

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

E eu sei que era do oitenta e pouco...Pero ben, si temos imaxes dunha serie que se fixera para Televisión Española, no ano oitenta e nove.

"-No dijiste nada cuando fuiste a ver el rock de la cárcel con aquel teddy boy.

-¡Oh, Madre eso fue hace ya veinticinco años! Y no era un teddy boy, solo había cogido la chaqueta de su padre y le quedaba grande.

-No me lo contaste.

-No, de acuerdo, no lo hice, porque sinceramente sabía que si te lo decía no lo volvería a ver. Y creo que actué correctamente.

-¿Qué insinuas?

-Ah, vamos madre, tienes que reconocer que siempre has sido una metomentodo.

-Escucha Sara, toda madre tiene que ser una metomentodo con sus hijas, forma parte de sus funciones."

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Ben, esta é unha serie que levaches ti, Charo e...

CHARO PENA:

(...) era unha serie marabillosa e de moi pouco presuposto. Tres actrices, unha nai, unha filla e unha neta. Marabillosa María Pujalte, marabillosa Pilar Martínez Ledo á que moitos da Coruña coñecedes non? Era divertidísima, moi divertida. Desgraciadamente só se fixeron seis capítulos. Tiña un guión que era morrer da risa continuamente. Aquí neste anaco non se notaba pero verdadeiramente era boa. Non sei se esto pódese dicir pero os que andades por Internet...

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Non se pode dicir.

CHARO PENA:

Non se pode dicir, non o digo.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Recordamos tamén, mil novecentos noventa e un...

"-Don Francisco, supoño.

-Coñéceme, señor?

-Oh, o seu nome é lendario neste lugar.

-Ah, si?

-Pois se cadra non tanto pero nunca pasa sen unha gargallada. Vostede debe ser a irmá do señor a fermosísima condesa española.

-Quen sodes?

-Son un humilde servo que quere convidar a súa Excelencia.

-Jaja, será unha honra.

-Posadeiro, unha botella do mellor vino tinto e dúas pallas. Dúas pallas pra o viño, claro. Seica o cabaleiro vai visitar a Napoleón?

-As novas viaxan rápido.

-Non tanto coma as boas novas.

-As malas chegan antes.

-Hoxe aquí, e mañá aló.

-Podes levalo cabalo á auga pero non facelo beber.

-Tócalle.

-Gustaríanos que se unise a nós pero...coa diferenza social e económica parece ridículo.

-Ah, si, vote esto enriba é unha bagatela! Ben, coñecedes a Napoleón ou non?

-Boa parte.

-Ja, ja, ja...

-É un chiste, súa nobreza?

-Somos amigos do seu irmán que está a amañar uns asuntos en España pero este é o noso primeiro encontro co noso gran emperador.

-Ja, ja, ja...

-É o que quería saber.

-Tururun, tururun, tururun...

-Don Francisco!

-É por min?"

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Eu sigo mostrando imaxes senón interrompides vos, quero dicir...

INTERVENCIÓN:

Vou a aproveitar para comentar, a raíz de antes que puxeche un anaco de *Os Pitufos*, un target, (como se di agora e que é unha palabra que acabo de aprender), que son os rapaces, os nenos tan desatendidos por esta, ía dicir administración pero vou dicir televisión...que aí os temos, empantanados sen ofrecerlle un so produto a unha hora minimamente decente que dende o meu punto de vista sería á

tardiña. Vou contar unha anécdota para ilustrar a desolación que supón que os rapaces, os nenos, non poidan escoitar produtos destinados para eles en galego.

Nunha das recentes xuntanzas de traballo que tiveron como vicepresidente da asociación APRADOGA que agrupa a case corenta actores de dobraxe de Galicia comprometidos co futuro desta profesión, na mesa de normalización lingüística, un dos seus directivos, un rapaz novo comentoume que el chamábase a si mesmo e maila súa cuadrilla Xeración *Songoku*. E díxolle: "É moi curioso, é curioso porque eu era a voz de *Songoku*", e el díxome: "Non me digas! Pois gracias a ti deixei o castelán. Eu era castelán falante do centro da Coruña e entendín que se podía vivir en galego". Ademais de sentirme un profesional sentínme útil, sentínme un axente normalizador e sentín que trouxen un oínte, un falante e un lector de galego, e un posible espectador de audiovisual galego. Se el seguira ancorado na súa historia de non coñecer o galego por ser neno e non ter un produto en galego que ver, hoxe, non teríamos un acérrimo defensor do galego que coñeceu o galego por unha serie tan sinxela como unha serie manga xaponesa que na súa época foi un boom. Isto mesmo, sete ou oito anos despois, poderíase trasladar a *Shin Chan*, o fenómeno *Shin Chan*. Aí os meus fillos son un exemplo, supuxo un estar prendados do televisor escoitando galego durante media hora ou unha hora ao día, cousa que o profesor de galego non conseguía na clase. Iso supuxo traer moitos lectores de galego, moitos oíntes de galego, moitos falantes de galego e moitos potenciais espectadores do audiovisual galego.

Penso que esa pequena axuda de "nós contribuímos a formar...", creo que o debemos dicir porque levamos á gala de defender a lingua.

NIEVES BRISABOA:

Eu quería comentar algo nesa dirección, e tamén comentando o que dicía María antes. Na primeira mesa da tarde, eu cheguei algo tarde dende Coruña pero cheguei ao final, e había un ardente debate entre defensores e detractores da dobraxe, ese é un debate vello. Eu lembro na casa unha época na que non se falaba máis que da dobraxe nas sobremesas co meu pai, e se se contaba tamén co meu irmá e o meu primo aquilo era monotema; só se falaba de dobraxe. Ese é un tema vello, non?... que se a versión orixinal, que se a dobraxe...mais no contexto concreto do audiovisual galego, pensando estritamente en termos de galego, eu penso que: ou a televisión galega dobra as películas ao galego ou o público galego vai ver a televisión española con películas dobradas en español. Penso que eso é clarísimo. Entón penso que dende as administracións e dende a normalización lingüística, se debería conseguir un maior esforzo para conseguir a dobraxe en galego.

Esto enlaza tamén con algo que comentou a persoa que estaba na mesa anterior que se queixaba de que non había orzamento suficiente para dobrar algunha película para que se visionase no cinema, no cine en galego como primeira instancia. Falaba de Indiana Jones concretamente. Non entendo como se esas películas van ser dobradas uns anos máis tarde para ser proxectadas en televisión; non se pode facer o esforzo para que se dobren en galego e se poñan xa en galego nas salas de cine comercial. Non sei se vós que estades na profesión, tedes unha explicación para este fenómeno.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

O tema é un pouco máis complexo.

NIEVES BRISABOA:

É un problema de dereitos ou é un problema de custo de dobraxe?

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Son distintos problemas pero eu creo que en principio tampouco nos debéra moito preocupar o por que non sei fai. É dicir, sempre van a aparecer múltiples excusas, e sempre van a aparecer argumentos e ademais algúns deles defendibles.

CHARO PENA:

Eu persoalmente creo que é pola razón que dicía antes María Liaño. Se verdadeiramente tes interese en algo, falo. Por outro lado eu quero dicir, para tranquilidade de Ignacio e Pilar, que eu penso que é totalmente factible que convivan a dobraxe e a versión orixinal sen ningún tipo de problema, igual que noutros países, e fora de complexos. Quero dicir que ao mellor que ao audiovisual galego non lle vaia ben, non é culpa da dobraxe; e que á dobraxe non lle vaia ben, non é verdade tampouco que teña a culpa a proliferación de series autóctonas. De feito, a veces escoitas iso e eu penso que non é verdade. Penso que hai espazo para que convivan tódalas formas de expresión en galego, simplemente. O resto eu penso que é darlle voltas a... Igual que o tema de que é cine galego, eu non sei, penso que hai outros debates máis interesantes.

Respecto ao tema de por que non se dobra iso, verdadeiramente só hai unha resposta: porque dende a política lingüística non teñen interese. Nada máis, é a única resposta. Se tiveran interese faríase, faríase maila que os produtores non quixeran. Recordemos que en Cataluña houbo unha seria oposición a que se dobrase en catalán Harry Potter por exemplo, e acabou dobrando. Eso é cuestión de o que queira cada administración.

INTERVENCIÓN:

Eu insisto na miña teima particular que son os rapaces, os nenos. Se ti creas espectadores en galego, espectadores para todo o elenco de galego, para todo o que se emita en galego e para todo o que se programe en galego... Se o galego é anecdótico para os rapaces non van ir ao cine porque é unha anécdota, non é algo ao que eles estean acostumados. Se eles están acostumados a consumir audiovisual galego, teñen o oído e a conciencia educada, acercaranse con moita máis naturalidade a un produto feito en galego. Non haberá esas reticencias que dicía Ignacio ao principio de que "es que el gallego..."; o rapaz entenderá que en galego fala todo o mundo no mundo audiovisual e que podes atopar no cine versións en galego absolutamente recomendables. Versións en galego pois, tanto de dobraxe de clásicos norteamericanos como magníficas producións de actores e autores galegos que coñecen e que por falar en galego non os van desprezar. Ao contrario, van a apoialos porque falan en galego porque eles xa están acostumados a escoitar o galego.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Parcévos que recordemos a primeira película que se dobrou a galego e que se meteu en cine? *O pico das viúvas*, foi a primeira película dobrada a galego. Tampouco sei de que ano é pero choveu moitísimo.

"-A señora, verdade?"

-Sí. Hola.

-Son a señora Doyle Collinghan, como está? Benvida sexa, facíanos tanta falla coma a chuvia na seca.

-Gracias.

-Pero criatura, que está facendo aí sentada entre a xente da vila? Ten que sentar connosco. Claro que sí, veña comigo.

-Non verá, e que...

-Non sexa tímida, hai sitio de sobra. Dígolle eu que veña.

-Desculpen. Sinto. De veras, estaba cómoda.

-Non se trata diso.

-Perdón?

-Mantémonos afastadas dos da vila. Non nos mesturamos, querida, é o costume. Polo menos pra algunhas de nós. Señorita O'Hair deixe sitio, por favor. Veña sente. Esta película impresiona, dis que na segunda metade se ve a deus. Señorita Groove, traia aquí os bombóns! E dígame, xa está afeitada a isto?

-Pois...

-Oh, non, espere! Que modais son estes? Señora Broom, está é a señorita O'Hair. Un pouco miña xoia pero non hai queixa dela.

-Como está?

-Ah, señorita Groove, por que me tenta así, é coma un demo disfrazada! Collo, non collo, este, este, este...ahhhh. Despois na casa preséntolle o resto das damas. Despois da película imos tomar o té xuntas. A ver, que lle estaba preguntando? Oh, si, afíxose a isto?

-Iso creo. Ao principio resultou algo confuso, o ritmo é tan diferente en Irlanda...pero empezo a collerlle o tranganillo.

-Así que, despois de todo non é inglesa.

-Como di?

-Quero dicir que semella máis ben americana. Non é?

-Señor, tanto se nota? Pois si, medreille en América, en Washington. Meu pai era delegado militar da embaixada.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

É unha película de Filmax, que comprou Filmax, e foi a primeira película de dobraxe en galego e despois viñeron moitas máis. Antes de que se pase moito o tempo, gustaríame poñer unha cousa porque creo que aparte de Xoán Guisán hai máis xente que se foi quedando un pouco no camiño. Gustaríame ter un pequeno recordo para xente como Chalín, Xoán Bravo ou Fernando Lino. Se vos parece recordamos a modo de homenaxe, por dicilo de algunha maneira, a ese gran cabaleiro que se chamaba Chalín, pai de Gonzalo Uriarte.

"-Se ha jorobado el clímax.

-Está bien, está bien. Vaya, esto nunca me pasaba antes Dani.

-No importa, he visto este Slater seis veces, pero me he preocupado.

-¿Sabes?, la última de Jack Slater se estrena este fin de semana.

-¡Cómo si no lo supiera! Mataron a su primo segundo. ¡Grave error! ¡Pugggg! Jack Slater 4.

-Voy a comprobar la copia, esta noche. A medianoche estaré sólo y podría arreglarlo para que te dejen entrar, o sea, en fin, si eso te apetece.

-¿Verla antes del estreno?

-Si.

-¿A quién tengo que matar?

-Je, je, je. A nadie, todo lo que has de hacer es irte a clase, si te das prisa sólo llegarás cuatro horas tarde."

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Ben, está tamén a voz de María Pujalte. María Pujalte, a actriz, facendo maravillosamente ben aos nenos. Xa que o tiñamos ao lado, imos ver a Miguel berrando.

"-¡¡¡Slaaaaaaaateeeeeeeeeerrrr!!! ¡¡¡ Tengo al ayuntamiento mordíendome los huevos por ese avión que estrellaste, y a la alcaldesa montando desfiles en mi túnel de Lincoln por la que armaste en la playa. Todo el mundo quiere saber, qué haces, que sucederá!!! ¿Me he explicado claramente?

-Sólo cumplo con mi trabajo.

¡¡¡-Le has dado a este departamento la peor reputación del condado, y ahora tengo a la cámara de comercio haciendo piruetas...!!!

-Hola muñeca. ¡Eh! Luego me daré un baño antiburgués. ¿Te apuntas?

-Vuélveme a tocar bola de pelo y te juro...

- Espera, puedo demostrar que esto es una peli.
 -¿Quién diablos eres tú?
 -Mira allí, hay un gato de dibujos.
 -Es normal que vuelva a estar de servicio, sólo le suspendieron por un mes y...¡Cállate!
 -Escucha lo que estoy diciendo. Un gato de dibujos acaba de entrar en el recinto. Yuuuujuuuuu.
 -Y mañana volverá a hacerlo. ¿A dónde quieres llegar?
 -El gato es uno de los mejores hombres que tengo. ¿Quién es este mocoso y por qué sonríe de ese modo?
 -Me encanta su forma de pelearse, sabiendo lo que sienten el uno por el otro.
 -Relátame, ¿qué siento yo por este estrafalario saco de cagarrutas?
 -Es su mejor amigo. Después de que su mujer le dejara por el enano del circo y Jack dijera a todos que la llevó a Nueva Inglaterra a la clínica para la difteria. Cuando volvió, usted dijo: Me ha salvado de la humillación pública, Jack. Eres mi mejor amigo.
 -¡Me prometiste que no lo dirías!!!
 -No lo hice.
 -¿Y cómo es que el lo sabe?
 -Jack Slater.
 -¿Y qué tienen que ver los unos con esto?"

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Levara moítisimo tempo facer ese...levara moito tempo. Creo que nós, de tempo vamos fatal, non?

MIGUEL PERNAS:

En lembranza de Juan, a academia encargoume que fixera un anuario, un obituario e se queredes como conta anécdotas e é cortiño o podo ler a continuación. Chámase *O Elefante Babar*, en memoria de Juan Rodríguez Guisán. Empezo cuns versos del porque tamén escribía poemas.

*" Y ser sencillo relatando historias.
 Y ser honesto confesando lacras.
 Y ser risueño al derramar sonrisas.
 Y ser piadoso al tropezar con lágrimas"*

"Alá van dúas semanas en Juan e son moitos os recordos. Uns propios, outros compartidos cos compañeiros de profesión. "Por suposto que si, me lo creo. Só ti podes facer esa personaxe", díxenlle cando me comentou que quería dobrar ao Elefante Babar, protagonista dunha serie de animación francesa. Un elefante de traxe e sombreiro e moi rosmón como Juan. Porque Juan era moi rosmón pero tamén tiña moito de elefante. Como os elefantes en África, Juan viaxou coa súa familia moitos quilómetros na procura da auga, encontrouna e tempo despois recorreu a sabana de volta e ofreceunos esa sabana convertida en pan. O pan que aínda nos sustenta a moitos. Foi cando o coñecín, corría o ano mil novecentos oitenta e dous e el apareceu na Coruña coa entrañable María Romero. E aquel señor con pinta de charro mexicano levaba gravado na súa fronte o "*I have a dream*" que pronunciara Martin Luther King. E o soño tornouse realidade e naceu unha profesión moito antes de saberse da existencia da TVG. E teimudo como sempre foi, conseguiu presentar no festival de cine de Carballiño do ano oitenta e catro, a primeira dobraxe en galego, o primeiro capítulo de *Os Gozos e as Sombras* de Torrente Ballester. E usou traducir mesmo en galego a Calderón *A Vida é Soño* con don Luís Iglesias de Souza. E xa escribía poemas. E coma tódolos elefantes de tódalas partes, Juan destruía cacharrerías. Era pouco presentable nos círculos estirados da administración pero da súa boca, sempiterna mente aberta, sempre afloraba a verdade a caldeiros. Nunca soubo calar e inventaba técnicas

insospeitadas de dobraxe, recordo o marabilloso manexo da súa dentadura postiza. Se o vello ao que dobraba era moi vello, sacábaa, se non o era tanto, dobrábo con ela posta e mesmo a dentadura acababa por perderse na sala de gravación. Porque era tremendamente despistado, creo que memoria de elefante non tiña ou se cadra si, nas cosas fundamentais como os elefantes.

Que ben o pasábanos cando contaba aquela anécdota de que anos despois de estar casado e con vivenda propia, acababa na casa dos pais na hora do xantar e a súa nai dicíalle: "Pero Juan, que haces aquí? No recuerdas que estás casado?" Teimudo e rosmón. que mal levou os primeiros controis lingüísticos da TVG, tan mal que lle produciron unha soriase pertinaz. "Juan, a calidade da lingua é moi importante para o país", dicíalle eu; "si, pero non podemos esquecerla alma" respondía el. E tiña razón. Aínda é hoxe o día no que falta alma nas dobraxes que facemos, aínda que sexan correctas lingüisticamente falando. Volvo a súas palabras:

"Y aunque se sepa que vales, puede que por el aquel de que el que manda es muy de él con los repartos se meta; proclamará que no veta pero te quita el papel."

E os elefantes grandes como son, deben ter tamén un gran corazón. Eu tiven a sorte de compartir con Juan Guisán o seu derradeiro traballo relacionado coa dobraxe. Foi un curso que demos o ano pasado en Estudio 1 TV. Juan xa estaba xubilado pero Titina, a musa e compañeira de todos os seus días, levaba xa un tempo moi enferma. Non coñecía e non se valía por si mesma, en todo dependía do seu home e os fillos. E recordo aquela tenrura, aquela dozura coa que trataba a súa neniña, noutrora gran muller e recordo aquelas bágoas de impotencia con que Juan falaba dela. Aquel inmenso amor celebrado con inmensas gotas de auga. A esas bágoas quero unir as miñas Juan, porque xa non estás e porque te debo moito e moito te apreciei sempre e porque "tenemos que hablar de muchas cosas, compañero del alma, compañero".

"Y si todo, palabras de Juan, se reduce a ser polvo nuevamente y los cuerpos sólo tierra, seamos ambos la simiente que engendrando un árbol nuevo diera frutos a un hombreflor. Que sus hojas se acaricien, que sea albergue de cien nidos, que las brisas y las ramas concertando sus sonidos, canten que entre las raíces: Aleluya está el amor"

Supoño que ao final as túas bágoas e as miñas novamente, quedarán confundidas na chuvia deste país, moitas veces cruel cos seus. Ata sempre, Mestre".

(Aplausos).

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

E xa para rematar, a academia quere ter un pequeno detalle, un recordo con Xoán Guisán e con María Romero. Como tampouco podemos acabar esto así, con baixón, temos que acabar arriba como as boas películas. As secuencias teñen que acabar todas arriba...

Despois das palabras que queirades dicir, temos que ver, se vos apetece, un sketch que dura dous minutos. Sketch mítico na historia da dobraxe: Manquiña e Morris, e a súa visión moi persoal...Manquiña e Morris, dous actores de dobraxe, non o esquezamos.

NIEVES BRISABOA:

Eu quixera para subir un pouco o ton, porque de verdade que chegaronme ao corazón estas palabras, contar unha anécdota do meu pai que tamén describe moito a súa personalidade.

Nos primeiros anos tiñan que peregrinar a Madrid para conseguir películas de vaqueiros para dobrar aquí. Nunha destas viaxes, alá foron Silvino, o empresario e meu pai para intentar conseguir o asunto. E daquela meu pai fumaba e era pouco presentable nos círculos da administración, por certo. Por suposto, durante a viaxe, algunha cabicha do cigarro caeulle na camisa e, a camisa nova posta pola mañá ía cos seus correspondentes buratos. Ao chegar á Televisión Española en Madrid, da o carné de identidade e lle dan unha pegatina e o meu pai a puxo tapando o burato e dixo: "E non me darías outra para tapar o burato do outro lado?". Entón entrou a falar cos administradores de alí coas dúas pegatinas...Cando chegaron ao despacho dos que o tiñan que recibir estes dicían: "A ver o señor ese que viu coa camisa queimada"...Ben, o meu pai era así, quero dicir, era impresentable dende o punto de vista da etiqueta pero rematou por caer ben a base desta extraversión e espontaneidade. Cousa que por certo, lle serviu naquela ocasión para conseguir máis películas das que pensaban porque foron ben recibidos. Isto que sirva un pouco para levantar un pouco o ánimo.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Entón, a academia faivos entrega...

(Aplausos).

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Ben, se queredes dicir algo, María ou Nieves.

MARÍA ROMERO:

Muchas gracias por este homenaje, tan entrañable para mí por ser sobre todo de mi tierra, de mis compañeros de trabajo. Dende que tengo quince años estoy trabajando en esto, de actriz. Me siento muy orgullosa y este es el bagaje más importante de mi vida: mi trabajo. Y vosotros...muchos no sois compañeros de Juan y mío porque...éramos compañeros todos, ya no están tampoco aquí, pero a los que han venido después también. Muchas gracias, amigos, compañeros.

NIEVES BRISABOA:

Eu soamente volvo a dar as gracias. Eu non son compañeira vosa de profesión aínda que si son compatriota, compañeira do país e de tribulacións. Vivo aquí, estou afincada aquí, aínda que tamén co meu pai volví a esta terra despois de ter vivido en Madrid. Agora me coñecedes, estou a vosa dispor na facultade de informática para o que precisedes. É o único que vos podo dicir. E moitas, moísimas grazas por esta homenaxe ao meu pai.

(Aplausos).

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Gracias a todos por estar aquí, e ata os próximos vintecinco anos.

(Aplausos).